



TEIXIDAL DE CASAIO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 8 km (ida e volta)

Dificultade: alta

Duración: 7 horas



Propoñemos, desta volta, unha ruta duns 8 km, moito máis dura do que semella a primeira vista, para baixar por unha forte pendente, ao **Teixidal de Casaio**, situado na vertente norte de Pena Survia, no estreito val do río do Penedo, afluente do San Xil, orientado ao norte. É un bosque único en Europa, formado por uns 300 teixos centenarios mesturados con outras especies, que ocupa unha superficie de algo menos de seis hectáreas. Hai un teixo de 20 m de altura e 800 anos de idade. Arredor dos teixos hai cerquiños, bidueiros, capudres, abeleiras, freixos e acivros. É unha reliquia da vexetación eurosiberiana que ocupou máis extensión no pasado.


COMO CHEGAR

Desde A Fonte do Couto collemos, á dereita da estrada, a pista de terra que vai á canteira de lousa e a Trevinca, na entrada, ou nunha das escombreyas, deixamos o coche e subimos ao alto da Cabrita, alí, e seguindo o indicador, comezamos a ruta, sempre descendente, guiándonos por balizas, fitos e o bo sentido; pola forte e enganosa pendente e un carreiro, ás veces imposible de recoñecer, que baixa facendo zigue-zague ata empatar co que ven da mina e remata na entrada do Teixidal. Percorremos o interior do bosque río arriba e polo ruído descubriremos as fervezas. Hai que fixarse ben por onde se entra porque no interior do bosque apenas hai referencias. Podemos ter como referencia un gran teixo que se atopa ao pouco de cruzar o río. A volta hai que facela polo mesmo camiño botándolle toda a calma que o tempo permita e toda a paciencia que se poida, para chegar arriba en boas condicións.

Outra opción, máis longa, sería volver polas minas de Valborraz.



Un dos vellos teixos, con máis de 4 m de perímetro.



Os teixos destacan entre o resto da vexetación.



Interior do Teixidal.



O Teixidal e Pena Survia, desde A Cabrita.



Chegando ao Teixidal.




Soldaconsolda (*Polygonatum odoratum*)



Teesdaliopsis conferta, endémica das montañas do noroeste da Península Ibérica.



Saxífraga e brión na beira do río.



Fervenza no interior do bosque, no rego do Penedo.



Bidueiro de case 4 m de perímetro no Teixidal.



Lagartixa dos penedos (*Podarcis hispanica*)